


V XORNADA de HISTORIA

A nosa historia facémola NÓS

Castelao

Sábado, 22 de novembro de 2025
PONTEVEDRA (Sala de usos múltiples do Teatro Principal)



Mañá

10:00 h

A derradeira leición do mestre

Achegamento ao proceso de creación
de Chévere, por XESÚS RON

O grupo Chévere está preparando unha obra de teatro que usa como fío condutor o cadro de Castelao para contar como se constrúen as narrativas da memoria. Unha historia sobre traumas que alteran a memoria. Porque o golpe de estado de 1936 e a dificultade da sociedade para asumir a violencia desatada polos seus autores seguen afectando a nosa memoria colectiva noventa anos e catro xeracións despois.

12:00 h

O traslado dos restos de Castelao desde a voz que retransmitiu os feitos

Entrevista a TAREIXA NAVAZA,
por MARÍA OBELLEIRO

O 28 de xuño de 1984 aterraba en Santiago o avión cos restos de Castelao no seu regreso do exilio. Miles de manifestantes en Lavacolla e Bonaval denunciaron a manipulación da herdanza ideolóxica de Castelao quen manifestara querer volver á Terra cando esta fose liberada. Tareixa Navaza puxo voz a ese acontecemento con valentía e lealdade coa memoria do nacionalista nunha retransmisión que forma parte xa da historia do xornalismo galego.

Tarde

16:00 h

Castelao en Banda Deseñada, historia biográfica de Castelao

presentada por un dos autores da mesma,
INACIO

Unha das figuras máis debuxadas da nosa historia, partindo das súas propias autocaricaturas, é agora protagonista dunha colección de cómics que agardan ser publicados conxuntamente en breve. Unha banda deseñada para quen puxo as bases da banda deseñada galega, esta obra serve de homenaxe a Castelao e profundiza en determinados aspectos da súa biografía.

18:00 h

Roteiro guiado pola Pontevedra de Castelao

realizado por ROBERTO RIVAS REBOREDO

O historiador faranos un percorrido pola cidade galega na que máis viviu Castelao e pola que el mesmo manifestou un especial apego. Non en van, o Museo da cidade, que tamén se visitará, recolle boa parte do seu legado.

Matrícula

Para a inscrición nas xornadas:

www.cig-ensino.gal/formacion, www.as-pg.gal

Homologación: está solicitada a homologación destas Xornadas á Consellería de Educación por 8 horas. Para a obtención do certificado é necesario acreditar a asistencia de, cando menos, o 85% da totalidade da actividade.

Prezo: gratuíta.